

A CAIXIÑA DOS MISTOS

Cinema infantil
sobre rodas

¡Míranos en Antena 3!

<http://www.youtube.com/watch?v=zBlsQyixFxE>



A Caixiña dos Mistos é unha sala de cinema itinerante de peliuliñas de curta duración detro dunha caravana máxica. Contidos audiovisuais de todo o mundo adicados ó público infantil e adolescente ata 14 anos. A duración media das pezas está entre 10 e 20 minutos, trátase de curtas á carta onde os nenos e nenas elixen as pezas a proxectar da carteleira segundo os seus gustos e idade.

Unha experiencia diferente co audiovisual onde non só se ven películas. Antes de entrar, na súa alfombra de cores pódese disfrutar de diferentes actividades. Á saída, todos os espectadores valoran as pezas visionadas, establecendo un ranking entre todas as que conforman o catálogo. Entretenemento e aprendizaxe conxugados nun soporte interactivo especialmente deseñado para espertar a curiosidade e confianza dos máis pequenos da casa.



EOs NENOS PODEN TAMÉN FACER A SÚA PELICULIÑA EN PLASTILINA!

Plastilina, debuxos, recortables e témperas son os materiais de traballo deste obradoiro de 4 horas de duración no que participan uns 15 nenos e nenas de entre 9 e 13 anos. Como resultado, unha peliuliña orixinal e única dun minuto de duración!

1. Pensa a historia
2. Deseña os personaxes
3. Fai a túa peliuliña fotograma a fotograma
4. Estrea na Caixiña dos Mistos



Rúa Vista Alegre, nº 32 · Baixo
36600 Vilagarcía de Arousa [Pontevedra]
Tfn. (0034) 986 189 496 · Móbil: 671 544 555

www.mrmisto.com
info@mrmisto.com



MRMISTO
F I L M S

CONTIDOS AUDIOVISUAIS EDUCATIVOS

Desde Mr Misto concebimos a formación como un dos piares fundamentais da nosa carta de servizos. O noso obxectivo é achegar a cultura audiovisual ós máis novos de xeito práctico e motivador, ben sexa como contido principal ou integrado noutros proxectos formativos nos que o audiovisual é unha ferramenta para tratar outros temas transversais.

{audiovisual}
FORMACIÓN



Os Mr Misto {Bits} son paquetes temáticos de curtametraxes. Unha forma de ver o mundo a través do cine en curta duración. Pezas audiovisuais de calidade que non deixan indiferente ó espectador. As posibilidades de gozar dunha programación variada e rica en contidos fai que este programa sexa o ideal para achegarse dunha forma distinta ó público xuvenil, facéndoo máis crítico e capaz de reflexionar sobre o mundo dun xeito diferente, anovador e divertido.



{BIT} en galego I

Unha sesión integramente en galego, seis pezas audiovisuais moi distintas que amosan o talento dos mellores cineastas galegos. Desde comedia, pasando por documental, e ata cine de medo! Seis historias moi diferentes que teñen algo en común: son cine en galego. Historias que tratan temas universais e que reconecemos como próximos, conxugando reflexión e cinema a un tempo.

{BIT} en galego II

Un repaso ó mellor da produción audiovisual máis actual feita EN GALICIA, EN GALEGO. Curtas en clave de humor, cine negro ó máis puro estilo americano, e un documental que retrata a realidade máis íntima do rural galego compoñen este atractivo paquete de catro pezas.

Consulta as curtas que conforman cada {BIT} en www.mrmisto.com

Unha programación que se pode complementar cunha serie de charlas moderadas por profesionais da materia, que animan ós alumnos a participar e a implicarse en cada un dos temas propostos por esta colección. Porque os Mr Misto {Bits} son máis que curtas!

{BIT} contra a violencia

Unha selección das mellores pezas curtas que fan pensar sobre as distintas formas de violencia e os seus efectos na sociedade. Pim Pam Pum, de Andoni de Carlos e Asier Urbietta ou On the line, de Jon Garaño, mudarán o teu punto de vista. Unha inxeción de vitalidade e optimismo ante un mundo marcial que aínda, se cadra... podemos cambiar.

{BIT} muller

Unha visión do mundo desde a óptica feminina. Exponse, a través do audiovisual, o punto de vista de distintas directoras que se expresan mediante o cinema. O mundo laboral, a prostitución, os problemas familiares, o mundo do cine ou a identidade sexual son algúns dos asuntos dos que tratan as curtas que queremos difundir.

Outros BITS dispoñibles

{BIT} in love

Rela-{BIT}

{BIT} Curt-AS

Cursos formativos nos que o alumno acada competencias básicas relacionadas co panorama audiovisual, abrindo un camiño que permite, ós máis novos, ter un primeiro contacto co ámbito cinematográfico e obter un resultado final real: unha curtametraxe feita en galego.



OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á CURTAMETRAXE

Os alumnos adquieren nocións básicas de preproducción, produción, gravación, postprodución e comercialización, ó mesmo tempo que son protagonistas de todo o proceso de creación dunha película de curta duración.



OBRADOIRO DE INICIACIÓN Ó DOCUMENTAL

Programa de iniciación cun enfoque moi práctico, onde se analizan moitos dos aspectos necesarios para a produción dunha curtametraxe en clave de non ficción. O obxectivo principal é que o alumno traballe en equipo, investigue e produza unha peza de corte documental.



OBRADOIRO STOP-MOTION I CLAYMATION: ANIMACIÓN CON PLASTILINA

Dun xeito práctico e lúdico, realízase unha peliuliña orixinal dun minuto de duración proporcionando unha primeira experiencia coa creación audiovisual para os máis cativos empregando a técnica de animación stop-motion con plastilina.

OBRADOIRO STOP-MOTION II PIXILACIÓN

Achega a creación audiovisual no eido da animación onde cada participante poderá participar na elaboración dunha curtametraxe animada, empregando a fotografía para traballar fotograma a fotograma no filme.

E moitos outros obradoiros audiovisuais dos que podes solicitar información: fotografía dixital, guión, story board, montaxe... Todos eles dirixidos a mozos con ou sen experiencia previa en comunicación, nos que se pon en contacto ó alumno, dunha forma teórico-práctica, coa creación audiovisual.

